

CONCELLERÍA  
DE  
EMPREGO

CONCELLO  
DE VIGO



<b>Data:</b>	18/01/2017
<b>Asunto:</b>	Solicitud de traballadores candidatos ao programa "Vigo Emprega" 1ª quenda, convocatoria 2017
<b>Destino:</b>	Oficinas do Servicio Público de Emprego de Galicia en VIGO.

Con motivo do inicio do proceso de selección de candidatos o programa "VIGO EMPREGA" precisamos delimitar a documentación a presentar por os candidatos, o prazo, lugar de presentación e horario. Necesitamos tamén, que a prospección se realice en todas as oficinas de emprego do municipio.

A información a facilitar aos candidatos, será a seguinte:

- **Lugar de presentación:** Parque Central de Servizos do Concello de Vigo. Oficina VIGO EMPREGA. R/ Bagunda nº 1-Lavadores. VIGO.
- **Horario:** de luns a venres de 09:00 h a 13:30 h.
- **Prazo:** para que os candidatos reunan e presenten a documentación, disporán dun prazo que rematará o **03/02/2017**.
- **Número de candidatos/as por posto:**
  - 3 por posto.
- **Documentación** a aportar por os candidatos/as:
  - Fotocopia DNI/NIE en vigor. (*As persoas extranxeiras deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente, que lles permita traballar*)
  - Informe vida laboral actualizado.
  - As persoas discapacitadas, fotocopia certificado de discapacidade.
  - Necesitase acreditar a non percepción de prestación, axudas ou subsídío, pode vir indicado incluso na carta de presentación de maneira manuscrita dende a Oficina de Emprego ou se solicitará declaración xurada ao traballador.
- **Oficiais e capataces** ademais presentarán:
  - Curriculum Vítæ
  - Copias dos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.
  - Copias dos diplomas ou certificados de cursos recibidos ou impartidos relacionados directamente co posto de traballo ao que optan, incluíndo os de prevención de riscos laborais e os carnets profesionais relacionados co posto.
  - Oficiais condutores, presentarán carnets de conducir en vigor.
- **Auxiliares: topógrafo, administrativo e delineante, e técnico de prevención:**
  - Copia da titulación, diploma ou certificado da formación profesional de grado medio ou superior da especialidade correspondente ao posto de traballo a desenvolver.

#### REQUISITOS BÁSICOS CANDIDATOS:

- Estar empadroadado no Concello de Vigo con anterioridade ao **01/06/2015**.
- Non ter sido contratado por o Concello de Vigo con data fin de contrato posterior ao **31/12/2015**.
- Non poderan ser contratados os menores de 18 anos ou as persoas candidatas que superen a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral.
- Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado.
- Estar inscrito como demandante de emprego nalgunha das oficinas do SPEG en Vigo.
- Presentar a documentación completa e en regra requerida polo Programa e o SPEG no prazo establecido na convocatoria.

O presidente da Comisión de Selección.

Francisco J. Gutiérrez Orúe